

## Poesía e política no primeiro Celso Emilio Ferreiro (1933-1935)

Ramón Nicolás Rodríguez

Este texto responde ao concurso de ensaios organizado pola Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela para celebrar o 50º aniversario da morte do poeta Celso Emilio Ferreiro. O seu tema é «A actividade poética e política dun intelectual no período 1933-1935». Celso Emilio Ferreiro faleceu o 20 de xuño de 1935, pero os seus poemas permanecen vivos como tanto o seu espírito. A súa memoria é unha inspiración para todos os que amamos e veneramos o seu espírito. A súa poesía nos une e nos inspira a seguir a súa senda.

Desde hai algúns anos, arredor da celebración do «Día das Letras Galegas», alén de certas e sorprendentes «apropiacións» más ou menos ilícitas por parte do oficialismo gobernativo na procura desesperada dun prestixio cultural inexistente, prodúcese unha interesante esculca académica que vai desde exercicios hermenéuticos sobre a actividade do personaxe homenaxeado ata a recuperación de textos que dormen esquecidos en distintas hemerotecas ou bibliotecas públicas e privadas. De facermos un breve reconto decatámonos, no que atinxo á produción de Celso Emilio Ferreiro a quen, como se sabe, se lle dedicara o ano 1989, foron moi poucos os textos significativos recuperados que axudasen a clarificar tanto algúns aspectos biográficos coma literarios escurecidos ou difuminados polo paso do tempo<sup>1</sup>; aspectos probablemente necesarios para coñecermos a intrahistoria do seu propio percurso persoal e literario.

Neste sentido –e para reparar unha eiva evidente se establecemos unha comparación co mesmo proceso operado en anos posteriores coa obra inédita de Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, Eduardo Blanco-Amor ou Luís Seoane– propómonos apurar, nas páxinas que seguen, a investigación neste aspecto desatendido e recuperar dúas composicións poéticas –se cadra unhas das primeiras publicadas polo celanovés e descoñecidas ata hoxe–, e mais unha mostra dos seus combativos textos políticos que o configuran como un destacado axitador nacionalista, espello da incansable actividade desenvolvida no período que abrangue a grandes trazos desde o ano 1932 ata 1936. En definitiva, ofrecemos aquí algunas consideracións a cerca da pre-historia do Celso Emilio político e poeta que poden reformular, con máis claridade se é posible, unha etapa da que hoxe só se coñecen poucos datos que ecoan en distintos estudos recorrentemente e desde hai tempo nas súas biografías ao uso.

1. Cfr. sen afán de exhaustividade: Xestús Alonso Montero, «Sobre a prehistoria de *Longa noite de pedra*» en *Boletín Galego de Literatura*, nº 1, Universidade de Santiago de Compostela, novembro 1989, pp. 71-95; M. X. Domínguez e X. A. Palacio, «Un poema en castelán inédito de Celso Emilio Ferreiro» en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. I, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1992, e Ramón Nicolás, «Consideracións críticas sobre Celso Emilio Ferreiro articulista. As súas colaboracións en *El Faro de Vigo: 1950-1956*» en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, ob. cit., e «O teósofo» en *O soño sulagado de Celso Emilio Ferreiro*, Pontevedra-Vilaboa: Edicións do Cumio, 1992.

Así pois cómpre apuntar que o *corpus* poético aquí presentado nunca foi recollido nos tres volumes da súa *Obra Completa* publicada pola editorial Akal da man do profesor Alonso Montero, e que a súa recuperación debería quizais levar a reconsiderar parcialmente o aserto comunmente aceptado de que os seus primeiros poemas foron publicados naquel fermoso proxecto que ideara con Xosé Velo chamado *Cartafol de poesía*.

As dúas composicións poéticas e dous dos catro textos en prosa que aquí reproducimos, foron publicados entre os anos 1932 e 1934 –cando o poeta contaba con pouco máis de vinte anos–, e apareceron no xornal *Heraldo de Galicia*, «Semanario de los lunes. De carácter cultural e informativo» como rezaba no seu subtítulo e que viu a luz na cidade de Ourense de outubro de 1930 ata xuño de 1936. Malia súa curta vida a colección do xornal revélasenos hoxe como unha interesante plataforma informativa e cultural que logrou agrupar unha longa nómina de colaboradores de relevancia, contando cun Consello de Redacción integrado por Vicente Risco, Florencio de la Torre e Ricardo Outerío, e máis por un conxunto de redactores fixos entre os que se inclúan Augusto Casas, Manuel Luís Acuña, Víctor Casas, Luís Manteiga, Eleuterio González Salgado, López Cuevillas, Rafael Dieste, Rodríguez Castelao, Otero Pedrayo ou Xosé Ramón Fernández Oxea entre outros. O *Heraldo de Galicia*<sup>2</sup> participaba dunha liña editorial inspirada no fiel compromiso coa República que viu nacer, defendendo politicamente teses próximas ás do «Partido Nazonalista Repubicán» inspirado por Otero Pedrayo, amosando, xa que logo, numerosos editoriais e contidos ideoloxicamente pro-republicanistas<sup>3</sup> e autonomistas como as habituais referencias publicitarias así o confirman, e, posteriormente, abeirándose aos postulados do «Partido Galeguista» pola mediación da figura de Ricardo Outeiriño, quen logo cedería o posto de director do xornal ao avogado da «Dereita Galeguista», Xosé Goyanes.

Así foi, en definitiva, como cando o catro de xullo de 1932, un mozo que asinaba Emilio Ferreiro Míguez, publicaba a súa primeira composición titulada «Malas língoas», e algúns meses despois –o dezaseis de outubro de 1933– via a luz o poema «Arenga» nas páxinas do devandito *Heraldo de Galicia*<sup>4</sup>. Ambas dúas correspóndense ao que Méndez Ferrín sitúa como a «prehistoria» do poeta ou Alonso Montero como o período no que o poeta ensaia e procura a súa voz<sup>5</sup>. Sen

2. Cfr. tamén A. Vilanova, «Heraldo de Galicia» en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago-Xixón: Silverio Cañada editor, 1974 e M. Valcárcel, *A prensa en Ourense*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1987.

3. Véxase a seguinte nota da redacción do 20 de abril de 1931, p. 1: «Nuestro saludo a la República. Con íntimo alborozo saludamos la instauración de la República Española. Hija de la voluntad nacional, manifestada en las urgencias, nació democráticamente, sin dolor del pueblo, asombrando al mundo con un incomparable ejemplo de civilidad. HERALDO DE GALICIA da la bienvenida al nuevo régimen, del que espera días de gloria y de grandeza para nuestra Patria y con toda efusión grita desde lo íntimo de su corazón: ¡Viva la República Española!».

4. Existe unha composición publicada no mesmo xornal o trece de xuño de 1932, que, asinada baixo o pseudónimo de «Celso d'Ourense», quizais pertenza á autoría de Celso Emilio Ferreiro, tan afecionado máis tarde aos pseudónimos e heterónimos. De ser así esta converteríase na súa primeira composición que deu á luz pública e que reproducimos a seguir baixo o título orixinal de «Sempre adiante»:

«Os campos tinguidos d'armiño / trócanse xa na esmeralda / o sedeño curvo de miño / vay enhéndose d'auga / Vay derreténdose o inverno / van florecendo as prantás / vamos camiño todos / d'unha nova Galiza / d'unha ceibe Galiza santa. / O camiño é pedregoso / de toxáles ben sembrado / mais o galego xeitoso / non lle importan as espíñas / o galego, o bo galego / camiña, camiña, camiña...».

5. X. L. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Xerais, 1984 e X. Alonso Montero, *Celso Emilio Ferreiro. Estudio*, Madrid: Júcar, 1982.

embargo, os dous poemas, aínda participando dunha común característica que os homoxenizan como textos primeirizos, literaria e estilisticamente pobres, resultan ben opostos en canto ao seu contido e propósitos. «Malas língoas» parece adherirse inicialmente ás composicións que hoxe coñecemos como integradas no seu *Cartafol de poesía* e móstrasenos marcada pola súa adscrición consciente á liña neo-popularista tan en voga na súa época, aínda que o poema aquí recuperado manteña evidentes vinculacións cunha estética de saibo finisecular xa en pleno desuso naquela época, e que non se advirte nos seus poemas coñecidos do ano 1936. Por outro lado, a composición «Arenga»<sup>6</sup>, como o título indica, demostra ás claras a súa filiación próxima á poesía de contido político que moitos anos despois recuperaría baixo outros presupostos históricos; composición ben afastada, pois, polo seu contido afervoadamente nacionalista e reivindicativo, do anterior poema ao que antes nos referimos. «Arenga» prelúdiese, significativamente, cunha citación de Alfredo Brañas que se correspondía coas súas derradeiras palabras pronunciadas no discurso que poñía cabo aos primeiros e históricos Xogos Florais celebrados na cidade de Tui o 24 de xuño de 1891<sup>7</sup>; versos que os mozos da Federación de Mocidades Galeguistas recollían e utilizaban como auténtico estandarte emblemático e incitador á emulación do comportamento político do país irmán, amais de servir de pé, como é ben sabido, para unhas das famosas estampas que Castelao deseñara na época.

Estas prácticas poéticas iniciáticas, contemporáneas coas prosas combativas das que a seguir nos referiremos, coinciden co tempo no que Celso Emilio compuña o cadre directivo das «Mocidades Galeguistas de Celanova», asociación que aínda hoxe fica na memoria como exemplo sobranceiro da incorporación da xuventude á actividade política nacionalista, onde desempeñaba a función de Secretario de Organización ao carón de Xosé Velo –Secretario Xeral–, Xosé Nogueiras –Secretario de Propaganda– e Vicente Bóveda como Secretario Técnico. Producto da súa actividade política xorden tamén estes artigos publicados no *Heraldo de Galicia* e outros que virían a luz en *A Nosa Terra*, *Guieiro*, *A Fouce*, *Alento*, *Ser*, *El Pueblo Gallego* e outros, conformando todas estas colaboracións a definición básica do seu ideario político plenamente marcado pola practicidade e pola urxencia de acadar os obxectivos propostos.

Celso Emilio, con Xosé Velo, chegou a dominar tanto a F.M.G. coma o seu boletín de información –*Guieiro*– nunha segunda etapa desta asociación –de maio de 1935 a 1936–, a raíz dos resultados da II Asemblea da Federación. Desta época despréndese a actitude máis decididamente arredista e impregnada dun forte sentido antiespañolista, contrapondo a súa actuación coas correntes conservadora, apartidaria

6. Publicouse, cunha distribución versicular que non respecta o orixinal, nas páxinas de «Galicia Literaria», *Diario 16 de Galicia*, 20 xuño 1992.

7. Alén diso é evidente o paralelismo existente entre a composición «Arenga» e o poema de Alfredo Brañas titulado «Canto a Galicia», aprobado como himno oficial da F.M.G. e do que aquí recuperamos un fragmento: «Casta dos celtas esperta axiña, / erte do fango da escravitú. / Patria da i-alma, teus ceibes cantos / enchan o mundo de norte a sur. // Dos meus pasados bendita terra, / nai amorosa da miña nai, / creba as cadeas que te asoballan / e cingue a croa da libertá. // Cantai galegos o himno xigante / dos pobos libre, dos pobos grandes / cantai galegos a idea santa / da independencia da nosa Patria». Cfr. *A Nosa Terra*, 25 de xullo de 1934, p. 5.

e marxista tamén existentes no seo da «Federación»<sup>8</sup>. Neste sentido, as primeiras prosas aquí recuperadas áinda non se corresponden coa época na que Celso Emilio dirixía os destinos da «Federación», pero nelas xa se observa o seu verbo acendido e a asimilación dalgunha das características da prosa combativa de contido político como son, por exemplo, as habituais reiteracións de determinados períodos; analizando nelas tanto o fracaso da campaña electoral do ano 1933 –véxase «Idiotas e vividores», *Heraldo de Galicia*, 4 decembro 1933–, coma a chegada da República –«Verbas da mocidade», *Heraldo de Galicia*, 28 maio 1934–, para el desaproveitada por carecer dun artellamento político, ben definido e galeguista, apuntando como solución para acadar a autoderminación procedementos revolucionarios e dirixíndose especialmente aos labregos a quen incitaba a non pagar impostos.

Os últimos textos que presentamos trátanse de dous soltos –«Porque non berramos ¡Viva Hespaña» e «Motes: Anti-España»– dos que se responsabilizaba Celso Emilio como director da revista *Guieiro* «Outavoz patriótico da F.M.G.», pertencentes ao terceiro número da revista, xa independizada das páxinas de *A Nosa Terra*. Foi este un número secuestrado e polo cal foi procesado o celanovés a inicios do ano 1936<sup>9</sup>, segundo o Fiscal de Ourense, por conter injurias contra España, e que, en definitiva, non viñan a ser máis que producto dunha progresiva radicalización revolucionaria e nacionalista xa patente nos dous textos anteriores e mesmo en distintos actos políticos da época nos que el participaba, como do que nos avisa *A Nosa Terra* o 12 de outubro de 1935, cando, referíndose á actuación de Celso Emilio nun mitin das Mocidades, sinala:

(Celso Emilio Ferreiro) di que o aito é unha afirmación de nacionalismo radical. A mocidade de Galicia non debe estar ausente da guerra civil que existe na Hespaña. A F.M.G. debe conquerir como sexa o trunfo dos seus ideaes.

### Os textos<sup>10</sup>

#### Malas lingoas

Como non me ves con ela  
por-a estrada pasear,  
nin ir-as fiadas xuntos,  
nin n-a porta parolar...

Como non me ves con ela  
n-as romerías baillar;  
nin me ves estar contente,

8. Cfr. Xavier Castro, *O galeguismo na encrucillada republicana*, vol. II, Ourense: Deputación de Ourense, 1984; Arximiro Rojo, *As Mocedades Galeguistas*, Vigo: Galaxia, 1987, e M. Dónega, «Mocedades Galeguistas» en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago-Xixón: Silverio Cañada editor, 1974.

9. Proceso que, para a súa fortuna, quedaría sen efecto en febreiro de 1936.

100 10. Reproducimos os textos respectando enteiramente os orixinais, agás evidentes grallas tipográficas.

nin m-ouves aturuxar...  
Como non ves com-antes  
a sua casa rondar...  
-Qué vos pasa -me perguntas,  
-Qué nos pasa ¡Q-a pasar!  
Q-as lingoas marmuradoras  
non cansan de marmurar,  
y-ai lingoas que ten veneno  
pior q-o d'os alacráns  
y-escópeno sempre que poiden  
y-envenenan os demais...  
¡per-esas lingoas noxentas

III

non han de volver falar!  
-Téñ-unha faca n-a casa  
fabricad-en Portugal  
ten unha coarta de folla  
fina com-a d'un puñal...  
Y-ase que coñez-a fera  
causante do meu pesar,  
¡entón xúroche Farruco  
por-a y-alma d'o meu pai  
q-a miña faca aceirada  
n-o peito ll-ei d'enfundar!

### Arenga

«Ergue labrego. Érguete e anda.  
Como en Irlanda. Como en Irlanda»

A. Brañas

¡Galiza! O teu destiño,  
tenche marcado-un camiño  
de Xustiza e Liberdá.

### I

¡Galiza! Axiña alerta,  
espreguízate i-esperta,  
i-encomenz-a camiñar.

### II

¡Galiza! Axiña alerta,  
espreguízate i-esperta,  
i-encomenz-a camiñar.

### III

Creb-as noxentas cadeas  
que tiranas maus alleas  
che viñeron colocar.  
Se de ti mesma Señora,  
deix-a Castela opresora,  
qu-ê causa do teu mal.

#### Idiotas e vividores

A D. Vicente Risco

A derradeira loita eleitoral, serviuños –entre outras cousas– pra estudar a torva catadura moral, dos mais encarnizados nemigos nósos.

E vimos que eran antigaleguistas, por unha banda os idiotas, obtusos e cerriles, incapaces –debido á pechedade mental– de comprenderen a xenerosidade, a grandiosidade do noso movemento.

E vimos que eran antigaleguistas, por outra banda, aos vividores, prácticos e pancistas, que non conciben mais loita qu-a que leva ao benestar d-as dixestións tranquilas, nin mais sacrificio qu-o que arrastra tras sí, o seu tanto por cen correspondente.

Idiotas e vividores; ¡que cativez moral a dos nósos nemigos!

Eu nunca soupen de ningún idiota que non tivera o espírito incombustible ao fogo sagrado dos ideiales xenerosos.

Eu nunca vin a ningún vividor indiñado e rebelde ante a inxustiza ou o aldraxe; i é porque o aldraxe ou a inxustiza, soio indiña aos homes de curazón grande, e os vividores teñen o corpo innundado de bandullo...

Idiotas e vividores, son hoxe os pastores d-iste rebaño de carneiros que sigue sendo esta nosa probe Galiza. Hoxe nada mais, ¡porque o mañán é noso!

Felices nós, que temos a santa obriga de soerguer a un pobo debruzado na escravitude.

Felices nós, que somos mozos e temos forza e rebeldía, pra por ao servizio d-unha causa noble com-a nosa.

Idiotas e vividores: hoxe vos, hoxe soio; ¡porque o mañán é noso!

-Novos camiños-

Desaproveitado lamentabelmente o intre emocional e propicio da proclamación da República, por falla de audacia e tamén por falla de un partido orgaizado estensa e intensivamente, que soupera como en Catalunya, enroitar aquil magnífico movimiento de espansión cibdadán de cara a nosa autodeterminación definitiva; perdida asimesmo por nugalla e traizón de quen todos sabemos, a espranza d-unha autonomía constitucionalmente adequerida, e donos da situación política os mais encarizados nemigos de todo o que non sexa centralismo brutal e absorbente, non lle queda a Galiza, pra o logro das suas aspiracións de liberdade, mais camiño qu-o revolucionario.

Por moi optimista que se sexa hay que recoñecelo así. A triste realidade vence todo optimismo. Están pechos todol-os camiños legales. As dereitas donas efectivas do poder, saben de sobra que Galiza e Euzkadi, libres como Catalunya da tutela do centro, serían un obstáculo infranqueable pra os seus desíños ultrarraccionarios. D-as esquerdas non hay que agardar ren: están desfeitas. Queda o partido socialista; mais o partido socialista nunca prestou gran atención ao problema. Pra os socialistas hespáñoles o problema das minorías oprimidas, non é un problema vital, primario e trascendente, pra defendelo abertamente nin siquer apoialo.

Estamos soios. Miramos pra dentro e ollámonos illados, co noso delor de Galiza sangrante. Hai qu-emprender novos camiños. Pasado xa o período de xestación, e teorización, hai que ir ao pobo e falarlle con vos revolucionaria. Aición e loita en todol-os terreos. Menos lirismos e mais audacia destructora. Feito xa o edificio do noso sistema, temos que esborrallar o do contrario.

Novos camiños. Camiños revolucionarios. Pra elo precisamos masa que empuxe, berre e loite. Ben a man a temos; hai que ir a ela sin escrupulos nin prexúcios. Hai que faguer verdadeiras campañas de axitación labrega: rebeldía ofensiva e defensiva. Hai que sementar o descrédito e o odio fecundo a todol-os traidores e desleigados e a todol-os farsantes e vividores da política.

Hai que acostumar aos nosos labregos a praitica da mais eficaz das armas revolucionarias: negación a pagar tributos.

Demagogoxia galeguista: temos a razón e debemos ter a forza.

As portas dos fogares campesiños, bailla unha zarabanda a fame. Un famento é sempre un revolucionario instintivo. Seipamos enroitar ise insconciente instinto revolucionario de cara unha loita consciente pol-a nosa emancipación total.

Xa o dixo con verbas dramáticas o irmán Suárez Picallo: «É millor queimarse no fogo sangro d-unha revolución liberadora, que morrer consumidos pol-a fame, a indefrenza e a nugalla».

—Porque non berramos ¡Viva Hespaña!—

Que Galicia é distinta do resto da Hespaña, sábeno todolos que pasaron as narices por riba da porta de Manzanal. El como somos distintos, as leis que fan en Madrid para toda a Hespaña, acáennos a nós coma un cepo ou coma un cilicio.

En Madrid non teñen a culpa de que nós sexamos distintos ao resto dos hespaños, máis a nós tampouco temos a culpa de sermos distintos.

I-está ben que, por eso, haxa xente que goza n-elo, que nos apreixen as máns ou os pés c-un torniquete, ou que nos pinchen o corpo con agullas, máis o que xá non está ben é que cando fagan augas por nós digamos que chove. I-o que non está ben é que afirmemos que os cepos dan gusto e que os cilicios aquecen o corpo.

Por eso o galego que se referindo a esta España de agora, berra ¡Viva España!, ou é un malvado ou é un idiota.

—Motes: Anti-España—

A prensa patrioteira, defensora do españolismo chillón e decadente, cítanos con este mote sonoro e definitivo.

Máis o certo é que non poideron topar outra verba que tanto gabara noso orgullo de nacionalistas galegos.

Porque si hai un «anti» decidido da España que esa prensa representa, este «anti» somolos-nós: Da España que trunfou da Galicia pol-a treición da Frouseira; da España que todo nol-o esixe e todo nol-o nega; da España que nos insulta cotianamente e desprecia nosa cultura e fai mofa do noso idioma; da España que esnaquiza nosa economía e condena aos nosos labregos a fame e a miseria; da España caciquil e antieuropea; da España encanallada do «estraperlo»; da España podre dos «Bola Negra», dos «Gil Robles», dos «Rasputín», etc., etc., ¿qué maor groria, que mellor título, que ser chamado seu «anti»?

Siga pois a prensa española, reacionaria e chantagista, eloxiándonos con ese mote. Agradecémoslo!

Ramón Nicolás Rodríguez

I. B. A Carrasqueira

Vigo